INVESTIGANDO SOBRE...

D. PEDRO ÁLVAREZ DE SOUTOMAIOR. "PEDRO MADRUGA"

EQUIPO Nº: **COMPOÑENTES:**

1. INTRODUCIÓN

Benvidos a esta nova unidade de investigación e coñecemento.

Dende esta unidade de investigación ímonos adentrar no noso proxecto de centro, despois de dar resposta á pregunta plantexada para iniciar o proxecto, e de coñecer o noso Castelo, imos coñecer aos seus habitantes durante a Idade Media, centrándonos na figura de D. Pedro Álvarez de Soutomaior" ou "Pedro Madruga".

1ª PARTE:

- A linaxe dos Soutomaior.
- Personaxes principais. O señor feudal
- D. Pedro Álvarez de Soutomaior
- Acontecementos importantes arredor da súa figura.
- Como foi o seu final. Pode ser Colón?

Así que ánimo….e imos traballar arreo!!!

1ªSESIÓN:

Imos comezar lembrando os nosos coñecementos sobre o tema, dando resposta as seguintes preguntas.

- Que sabemos de D. Pedro Álvarez de Soutomaior? O señor feudal.
- A súa árbore xenealóxica?
- A súa importancia para a historia de Galicia?

Imos anotando na pizarra as ideas previas, faremos uso das correctas e cambiaremos as equivocadas.

LEMBRAMOS O PROCESO DE TRABALLO:

- Traballaremos agrupados cos mesmos grupos da aprendizaxe cooperativa, na que xa temos designados o coordinador/a, o/a portavoz e o secretario/a.

- Segundo paso será LER o caderno que vós entregamos.

- Seguindo o guión, buscaremos INFORMACIÓN e anotaremos o importante no noso caderno e se fora posíbel nun arquivo Word.

- SELECCIÓN da información que sexa relevante.

- ORGANIZACIÓN da información que seleccionamos para dar coherencia ao contido.

- MONTAXE da información no noso caderno, nun PowerPoint, con textos, debuxos, fotografías e todo o que sexa necesario.

Lembrade que tedes que facer unha exposición ao resto do grupo-clase.

ESTRUCTURA DA INVESTIGACIÓN – 2ª, 3ª SESIÓNS.

Por grupos buscamos a información , seleccionamos, organizamos e montamos o traballo

- Sistema feudal? Reparto das terras? Clases sociais? A cal pertencía D.Pedro Álvarez de Soutomaior?
- Donde viviu D. Pedro Álvarez? A que se adicaba?
- Que sabemos da súa familia?
- Que sabemos da súa vida?
- E como foi a súa morte?

Cada grupo realizará con todos os datos un resumo do tema que nos como Mestres/as iremos supervisando ao longo das dúas sesións que teremos para facelo.

4ª e 5ª SESIÓNS.-

Empregaremos estas dúas sesións para exponer cada grupo a súa parte e adxuntar os productos obtidos ao proxecto.

6ª e 7ª SESIÓNS.-

Faremos un repaso do investigado, utilizando como guía os traballos realizados por cada equipo de traballo.
Roldos de preguntas entre os equipos. Tarxeta: Pregunta-resposta.

PRODUTOS FINAIS OBTIDOS:

- **Exposición dos paneis informativos realizados polos tres cursos de 5º, están expostos no corredor de abaixo do edificio.**
- **Exposición oral co power-point realizado polo alumnado.**
- **Gravacción para o programa de TV.**
- **Información para o programa de Radio Escolar que se elaborou.**
- **Información elaborada polos nenos/as para a AV**

5. RECURSOS

-Libros de consulta biblioteca do centro.
-Páxinas web recomendadas:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Pedro_Madruga
https://www.soutomaior.gal/gl/pedro-madruga/
https://recreacionhistoria.com/pedro-madruga/?lang=gl

Edad Media en 10 minutos https://www.youtube.com/watch?v=DjdFLJT5lhY

CONCLUSIÓN

Unha vez que rematedes a vosa investigación e antes de dar por concluido o traballo debedes reflexionar acerca do traballo realizado.

- Remataremos a unidade:
    - Coa elaboración dun mapa conceptual da mesma.
    - Actividades de comprensión
    - Rondos de preguntas entre os grupos
    - Power-point sobre a vida de D. Pedro Álvarez de Soutomaior.